



## CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA DE CONCILIACION SEMANA SANTA 2014

“O programa de Conciliación .Semana Santa 2014 é un programa do Concello de Baiona, promovido pola Concellería de Igualdade que ten como obxectivo promover a conciliación da vida familiar e laboral e ao mesmo tempo facilitar un espazo educativo e entretemento para os nenos e nenas, favorecendo o seu desenvolvemento integral” . Esta actividade é cofinanciada polas familias participantes e o Concello de Baiona .

### 1.Requisitos mínimos para participar no Programa .

- Estar empadroad/a no municipio con data anterior a esta convocatoria (non é necesario acreditarlo. O Concello de Baiona, verificará que as persoas solicitantes e os/as nenos/as están empadroados/as no municipio,) ou que a nena ou neno para o que se solicite praza esté escolarizado/a no curso escolar 2013-2014 nun centro educativo do municipio de Baiona.
- Ter nado entre o ano 2002 e 2010.

**2.Data horario e lugar de realización do programa:** O programa desenvolverase nas seguintes datas : 14,15,16 e 21 de abril no CPI Cova Terreña A actividade desenvolverase de 9:00 a 14:00h.

**3.Prazo e lugar de presentación da solicitude:** As persoas interesadas en participar na convocatoria, deberán presentar a solicitude (anexo I) debidamente cumprimentada e asinada , xunto a documentación requirida no punto 7 desta convocatoria, **no rexistro de entrada do Concello de Baiona de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, e os sábados de 9:00 a 13:00h ata o vindeiro martes 1 de abril**

**4.-Número de prazas:** 30 . Resérvanse 5 prazas para os servizos sociais municipais e o Centro Municipal de Información á Muller

**5.- Prezo da actividade:** O prezo público a pagar polos usuarios é de **15€/neno/a**, de conformidade co sinalado no artigo 5 da Ordenanza Reguladora do Prezo Publico esixido pola prestación de servizos e actividades dependentes Da Concellería De Asuntos Sociais, Benestar e da Igualdade

**6.- Procedemento de adxudicación das prazas:** Unha vez rematado o prazo de solicitude, o Alcalde de Baiona, designará unha comisión de valoración, integrada por técnicos e técnicas municipais, que terá como función verificar que as solicitudes cumpren os requisitos mínimos, a baremación das solicitudes presentadas ( se hai mais solicitudes que prazas ofertadas) e a elaboración da listaxe de admitidos/as. A comisión queda facultada para resolver cantas cuestións se susciten na interpretación da convocatoria

En caso de existir maior demanda que oferta, aplicarase o seguinte baremo:

- Familias monoparentais traballando.....5 puntos
- Familias nas que ámbolos cónxuxes traballan.....5 puntos
- Familias nas que un dos cónxuxes traballa.....3 puntos



- Familias numerosas de categoría ordinaria.....3 puntos
- Familia numerosa de categoría especial.....4 puntos
- Familias que soliciten praza para máis dun fillo/a.....2 Puntos
- Víctimas de violencia de xénero.....1 punto
- Existencia de discapacidade da nai/pai.....1 punto

En caso de empate, realizarase un sorteo ao chou entre as solicitudes que teñan a mesma puntuación

O xoves 3 de abril publicárase no taboleiro de anuncios do Concello e no Centro Municipal de Información á Muller, a listaxe de rapazas e rapaces admitidos

As persoas adxudicatarias das prazas deben facer efectivo o prezo público no rexistro de entrada do Concello de Baiona ou en calquera das contas bancarias do Concello de Baiona ata o xoves 10 de abril. Os e as participantes que non teñan aboada a cota nesta data quedarán excluídos e excluídas automaticamente

#### **Contas bancarias do Concello de Baiona:**

- NCG BANCO ES06 2080 5015 6030 4001 1550
- BBVA ES11 0182 5355 8100 0000 3164
- B. PASTOR ES33 0238 8335 1606 6000 0173
- CAIXA GERAL ES0301303001130110583889
- LA CAIXA ES20 2100 1821 6802 0000 0539
- B.SANTANDER ES08 0049 4368 9627 1000 0683
- B. GALLEGO ES98 0046 0308 5400 0002 2270

As persoas que paguen a cota a través dunha entidade bancaria deben presentar o resgardo no Centro Municipal de Información á Muller ( sito na rúa Dolores Agrelo nº 16-1ª planta ) ou remitilo ao fax 986/355291

#### **7.-Documentación a presentar:**

- En caso de ter participado en anteriores programas de conciliación organizados polo Concello, e de non haber modificacións da situación a acreditar por parte das persoas solicitantes, éstas deberán cubrir o anexo III quedando exentas de presentar a documentación que sinalen no mesmo
- Anexo I debidamente asinado e cuberto
- Certificado que acredite que o neno/a está escolarizado/a nun centro educativo municipal no curso 2013-2014 (**só en caso de non estar empadroad/a no municipio**)
- Fotocopia compulsada do DNI da nai/titora ou pai/titor ( o/a asinante da solicitude)



- Fotocopia compulsada de tarxeta da seguridade social do neno/a.
- Fotocopia compulsada do libro de familia.
- Documento de cesión de datos asinado pola persoa que presenta a solicitude ( Anexo II )
- Documentación acreditativa de minusvalía

De selo caso deben presentar ademais a seguinte documentación ( **tódalas fotocopias deben estar compulsadas**).

- No caso de que o rapaz ou rapaza padeza algún problema de saúde que dificulte ou imposibilite o desenvolvemento normal da actividade, teña que tomar algunha medicación, sexa celíaco, etc., deberá presentar un informe médico.
- Auto de separación / divorcio ou documentación pertinente para acreditar a condición de familia monoparental ( certificado de convivencia, informe de servizos sociais ou do centro municipal de información á muller)
- Título de familia numerosa.
- Para acreditar a situación de violencia de xénero, aportarase certificación da orde de protección, sentenza de calquera orde xurisdiccional ou informe dos servizos sociais , ou do centro de Información á Muller municipal.
- Para acreditar a situación laboral:

**Se traballa por conta allea:**

- Certificado de empresa actual ou vida laboral co contrato de traballo .

**Se traballa por conta propia:**

- Fotocopia do pago da cuota da seguridade social do Réxime Especial de Traballadores autónomos do último mes

8.- Unha vez realizada a inscrición e o correspondente ingreso para participar na actividade, se o neno ou nena non acude, só procederá a devolución do importe ingresado, si se xustifica con anterioridade o inicio da actividade, e por causa debidamente xustificada. En caso contrario non procederá a devolución do importe.

9.- O Concello de Baiona , reservarase todos os dereitos de cambiar ou suprimir o programa senón hai un mínimo solicitudes, e calquera das actividades en relación co mesmo para adaptalas ao grupo de participantes

Baiona, 19 de marzo de 2014

Alcalde



Asdo: Jesús Vázquez Almuíña



**ANEXO I**

**PROGRAMA CONCILIACIÓN SEMANA SANTA 2014**

**SOLICITUDE**

<b>DATOS NENO/A</b>
NOME E APELIDOS NENO/A _____
ENDEREZO _____ MUNICIPIO _____
DATA DE NACEMENTO _____
¿Padece algún tipo de enfermidade, alerxia, operación recente, etc...; que lle impida realizar a actividade con normalidade? ¿Cal? _____ _____

<b>DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL DO/A MENOR</b>
NOME E APELIDOS _____
ENDEREZO _____
CONCELLO _____ PROVINCIA _____
DATA DE NACEMENTO _____ TELÉFONOS _____ / _____
ESTADO CIVIL <input type="checkbox"/> Solteiro/a <input type="checkbox"/> Casado/a <input type="checkbox"/> Divorciado/a <input type="checkbox"/> Parella de Feito <input type="checkbox"/> Viúvo/a <input type="checkbox"/> Outros
ESTUDOS <input type="checkbox"/> Graduado escolar <input type="checkbox"/> ESO <input type="checkbox"/> Diplomatura <input type="checkbox"/> Técnico/a FP <input type="checkbox"/> Licenciatura <input type="checkbox"/> Outros
EN CALIDADE DE <input type="checkbox"/> NAI/TITORA <input type="checkbox"/> PAI/TITOR

**EXPÓN:**

Que aberto o prazo de inscrición para solicitar praza no Programa de Conciliación Semana Santa 2014 do Concello de Baiona e aceptando as bases polas que se rixe esta convocatoria.



EXCMO. CONCELLO  
DE **BAIONA**  
(PONTEVEDRA)



Solicito sexa admitida esta instancia para solicitar praza para participar en dita actividade e asino a presente solicitude sendo responsable da veracidade dos datos contidos na mesma.

Baiona, a        de        de 2014

O Nai/Titora ou Pai/Titor

Asdo.

**DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA XUNTO A SOLICITUDE**

- FOTOCOPIA **DNI** da Nai/Titora ou Pai/Titor **COMPULSADA** (Persoa que asina a solicitude)
- FOTOCOPIA **TARXETA SEGURIDADE SOCIAL** do/a neno/a **COMPULSADA**
- FOTOCOPIA **LIBRO DE FAMILIA** **COMPULSADA**
- ANEXO II
- ANEXO III

OUTRA DOCUMENTACIÓN \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

*TÓDALAS FOTOCOPIAS DEBERÁN ESTAR COMPULSADAS*

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE BAIONA**



EXCMO. CONCELLO  
DE **BAIONA**  
(PONTEVEDRA)



## ANEXO II

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ en calidade de nai/pai ou titor/a de \_\_\_\_\_ autorizo ao Concello de Baiona, en caso de ser admitido/a no Programa de conciliación Semana 2014 a ceder os datos persoais contidos na solicitude presentada ( nome do/a rapaz/a participante, data de nacemento, nome do proxenitor/a, teléfonos de contacto, tarxeta sanitaria e informes sanitarios de se-lo caso) á Empresa adxudicataria da organización das actividades do programa, datos necesarios para unha eficaz organización e desenvolvemento da actividade.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, a/o solicitante para participar no Programa de conciliación Semana 2014 queda informada/o que os datos que nos facilite serán incorporados a un ficheiro do Centro Municipal de Información á Muller do Concello de Baiona, para ser tratados coa finalidade de participar no programa. O/a solicitante poderá exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e oposición por medio de carta dirixida ao Centro Muniicpal de Información á Muller do Concello de Baiona , rúa Dolores Agrelo , nº 15 Primeira Pranta do Centro Sociocomunitario - 36300 Baiona

Quedo informado/a e consinto o tratamento antes descrito

Baiona \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2014

Ado



### ANEXO III

DON/A \_\_\_\_\_ con

NIF \_\_\_\_\_

#### EXPON:

O meu fillo/a participou no programa de conciliación no ano \_\_\_\_\_ organizado polo Concello de Baiona en \_\_\_\_\_, e a tal efecto presentei a seguinte documentación

- Fotocopia compulsada do DNI da nai/titora ou pai/titor ( o/a asinante da solicitude)
- Fotocopia compulsada de tarxeta da seguridade social do neno/a.
- Fotocopia compulsada do libro de familia
- Documentación acreditativa de minusvalía
- Auto de separación / divorcio ou documentación pertinente para acreditar a condición de familia monoparental ( certificado de convivencia, informe de servizos sociais ou do centro municipal de información á muller)
- Título de familia numerosa.

#### DECLARO QUE,

Non se produciu variación respecto as circunstancias acreditadas anteriormente (convocatoria correspóndete o ano.....)

Baiona -----de .....de 2014

Ado:

Esta declaración non exime da xustificación das circunstancias laborais actuais